

ORDENANZA REGULADORA DO PRECIO PUBLICO POR OCUPACION DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VIA PUBLICA

Artigo 1º.-Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 20 a 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 deste texto legal, este Concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do subsolo, solo e voo da vía pública que se rexirá pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3º.-Obrigados o pago

Están obrigados o pago da taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou entidades a cuio favor se otoguen as licencias, ou aqueles que se beneficien do aproveitamento, si se procedeu sin a oportuna autorización.

Artigo 4º.-Contía

1.-A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será fixada nas tarifas contidas no apartado 3 seguinte.

2.-Non obstante o anterior, para as empresas explotadoras do servizo de suministros que afecten a xenaralidade ou a unha parte importante do vecindario a contía da taxa regulada nesta Ordenanza consistirá, en todo caso e sin excepción algunha, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste término municipal ditas empresas.

Ditas taxas son compatibles con outras que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia local, das que os beneficiarios



deban ser suxeitos pasivos conforme o establecido no artigo 23 da Lei 39/88 do 28 de decembro, modificado polo artigo 66 da Lei 25/98, do 13 de xullo.

A contía desta taxa que poidera corresponder a Telefónica de España, S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987, de 30 de xullo (Disposición Adicional Oitava da Lei 39/1998, de 28 de decembro).

3.-As tarifas da taxa serán as seguintes:

Tarifa Primeira.-Grúas

1.-Por cada crúa utilizada na construción, cuio brazo ou pluma ocupe no seu recorrido voo sobre a vía pública, por m2 de voo ou fracción, o semestre: 100,-ptas.

2.-Por cada grúa utilizada na construción, tendo a súa base ou apoio na vía pública, por cada m2 ou fracción de terreo ocupado, o semestre: 500,-ptas.

As contías que corresponde aboar pola grúa, pola ocupación do voo, e compatible coa que, no seu caso, proceda por ter a súa base na vía pública.

Tarifa Segunda.-Ocupación do subsolo

-Calquera canal ou zanja na vía pública, a calquera profundidade, non podendo exceder a anchura de 80 centímetros, pagará o ano por metro lineal: 750,-ptas.

Si excede a anchura de 80 centímetros, pagará por metro lineal o ano: 1.500,-ptas.

Tarifa.-Entrada a garaxes

1.-Entradas a garaxes para a garda ou reparación de vehículos a través de beirarruas, con rebaixa de bordillo, por metro lineal, o ano: 1.000,-ptas.

2.-Entradas a garaxes para a garda ou reparación de vehículos a través de beirarruas, sin rebaixa de bordillo, por metro lineal o ano: 700,-ptas.

3.-Por cada reserva de aparcamento exclusivo, por metro lineal, o ano 1.200,-ptas.

As autorizacións para entradas de vehículos serán sinalizadas con con sinais homologadas por medio do Ministerio de Transportes e Comunicacions, en cuia sinal se indicará o número da Licencia Municipal e da data da súa concesión. Nas reservas de aparcamentos, pintarase con franxa amarela o bordillo da bairarrua, indicativo do espacio acotado. Tanto as sinais como a pintura, correrán de conta do suxeito pasivo, o mesmo que a súa conservación.

Artigo 4º-Normas de xestión

1.-As cantidades esixibles con arranxo as tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos periodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2.-As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia e realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte.

3.-Unha vez autorizada a ocupación, si non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderáse prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

4.-A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando o precio público.

Artigo 5º.-Obrigación de pago

1.-A obrigación de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace:

a).- tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenzia.

b).-Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2.-O pago da taxa realizarase:

a).-Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesoreira Municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenzia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 47.1 da Lei 39/1.988, de 28 de decembro, quedando elevado a definitivo o concederse a licenzia correspondente.

b).-Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas deste precio público, por anos naturais nas oficinas da Recaudación Municipal, dende o día 16 de xaneiro ata o día 15 de febreiro.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partires do 1 de xaneiro de 1.999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANDIAS (OURENSE)

Artigo 1:Natureza e fundamento.

1.1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da mesma Lei, este Concello acorda a modificación para a súa adaptación á lei 25/1998 da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

1.2. A axuda no fogar é unha prestación básica dos servizos sociais de atención primaria, dentro do sistema integrado dos servizos sociais, con carácter complementario e transitorio, que lles presta apoio a nivel preventivo, educativo e asistencial, ás persoas e familias con dificultades para manter ou restablece-lo seu benestar físico, social ou afectivo, proporcionándolle-la posibilidade de continuar no seu contorno natural, mentras sexa posible e conveniente. En ningún caso exime ós familiares das súas responsabilidades.

Artigo 2: Obxectivos.

2.1. Obxectivo xeral:

O obxecto do servizo de axuda no fogar é garantir un conxunto de actuacións dirixidas a posibilita-las condicións persoais e sociais para convivencia, participación e integración dos veciños na vida social.